

Concello de San Sadurniño

PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA A APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE BOLSAS PARA NO CURSO 2023/2024

ANTECEDENTES

O Concello de San Sadurniño vén publicando de forma periódica a convocatoria de bolsas para facilitar recursos económicos ás familias, de cara a que poidan sufragar, en parte, os gastos relativos á educación dos seus fillos e fillas.

O momento temporal é o actual, xa que se pretende unha compatibilidade entre as axudas que se convocan e o inicio do curso lectivo, para favorecer que as familias non teñan que adiantar os recursos económicos.

Por estes motivos, no uso das miñas potestades,

PROPOÑO

1. Aprobar a Convocatoria para a concesión de bolsas para o estudo para o curso escolar 2023/2024, que se recollen no Anexo.
2. Publicar a convocatoria no Boletín oficial da provincia, e darlle difusión nos medios de comunicación habituais.

San Sadurniño, a data de sinatura electrónica

Asinado dixitalmente pola Alcaldía



Concello de San Sadurniño

CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE BOLSAS PARA O ESTUDO

CURSO ESCOLAR 2023/2024

Exposición de motivos

O artigo 80 do capítulo II da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, refírese á compensación das desigualdades na Educación especificando que *“co fin de facer efectivo o principio de igualdade no exercicio do dereito á educación, as Administracións públicas desenvolverán accións de carácter compensatorio en relación coas persoas, grupos e ámbitos territoriais que se encontren en situacións desfavorábeis e proverán os recursos económicos e os apoios precisos para iso”*.

Máis concretamente, o artigo 83 da citada Lei establece taxativamente que *“para garantir a igualdade a todas as persoas no exercicio do dereito á educación, os estudantes con condicións socioeconómicas desfavorábeis terán dereito a obter becas e axudas ao estudo. Na ensinanza posobrigatoria as becas e axudas ao estudo terán en conta ademais o rendemento escolar do alumnado”*.

O acceso ao ensino é un dereito de toda a cidadanía, independentemente da súa situación económica e do seu lugar de residencia. Ao grande esforzo que lle supón ás familias a compra do material escolar, roupa, calzado..., para os seus fillos e fillas, hai que engadirlle os gastos de transporte no ensino posobrigatorio, gastos estes últimos, moi superiores pola nosa condición de concello rural.

O Concello, como Administración pública máis próxima á cidadanía, pode e debe poñer todos os recursos económicos dos que poida dispoñer para contribuír, mediante o establecemento de bolsas de estudos, aos gastos que lles supón ás familias o ensino dos seus fillos e fillas. O investimento na educación é sempre unha garantía de futuro para calquera sociedade.

Neste senso, desde o Concello de San Sadurniño considérase necesaria o mantemento dun sistema regrado de bolsas escolares para estudantes do noso Concello.

ARTIGO 1. Réxime xurídico e bases reguladoras

A presente convocatoria rexerá polo establecido na Lei 38/2003, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006 que a desenvolve, na Lei 9/2007, de Subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009 que a desenvolve.

Asimesmo, rexerá con carácter de Bases Reguladoras, pola Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de San Sadurniño, publicada no BOP de A Coruña número 232 de data 09/12/2022.

[https://bop.dicoruna.es/bopportal/publicado/2022/12/09/2022_0000007670.html]

Darase publicidade á presente convocatoria a través da sede electrónica do Concello de San Sadurniño, o Boletín Oficial da Provincia de A Coruña e a Base de Datos Nacional de Subvencións.



Concello de San Sadurniño

ARTIGO 2. Obxecto, finalidade, crédito orzamentario e contía

O obxecto da presente é a convocatoria en réxime de concorrencia competitiva da concesión de axudas ou bolsas para gastos derivados da escolarización obrigatoria ou postobrigatoria dos beneficiarios, para o curso escolar 2023/2024.

A finalidade destas bolsas de estudo establecer o procedemento de concesión destas axudas a gastos correntes derivados de desprazamentos, material e outros directamente relacionados coa matriculación e curso de estudos obrigatorios e postobrigatorios dos habitantes de San Sadurniño en orde a facer efectivo o principio de igualdade de acceso á escolarización e formación, considerando o especial esforzo económico que sofren as familias con menores recursos económicos.

Para o financiamento deste programa de bolsas escolares establécese un crédito de contía máxima de **25.000,00** euros, contemplado na partida 2023/3230.48000.

Esta cantidade, repartirase do seguinte xeito:

- 24.600,00 € serán para axudas ao estudo dos cales:
 - o 1.500,00 € serán para o 2º ciclo de educación infantil
 - o 10.750,00 € irán destinados aos estudos obrigatorios
 - o 12.350,00 € irán destinados aos estudos posobrigatorios
- Os 400,00 euros restantes serán para atender posibles casos específicos que incumpran algún dos requisitos documentais pero sí os cumpran materialmente, ou circunstancias similares, previo informe social con proposta da cantidade e que serán valorados polos departamentos municipais de benestar social e igualdade.

En todo caso, no caso en que non se reparta a totalidade da cantidade estipulada para cada tipoloxía de bolsa ou axuda, a Xunta de Goberno Local poderá decidir que o remanente existente se engada a outra ou a outras tipoloxías onde a demanda supere a cantidade máxima determinada inicialmente.

ARTIGO 3. Bolsas escolares para o 2º CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL

3.1.) Persoas beneficiarias

Familias con fillos ou fillas matriculados en algún dos cursos do 2º Ciclo de Educación Infantil en centros públicos da área territorial de San Sadurniño.

3.2.) Requisitos específicos das persoas beneficiarias

- a) Ter o neno ou a nena matriculada no CPI do Concello de San Sadurniño ou noutro colexio público da área territorial de San Sadurniño.
- b) Que segundo o artigo 8 a renda anual da unidade familiar non supere os 12.000,00 euros.



Concello de San Sadurniño

- c) Estar empadroado o beneficiario no Concello de San Sadurniño, con data de alta no padrón municipal anterior á aprobación desta convocatoria, extremo que será comprobado de oficio polo Concello.
- d) Que os membros da unidade familiar se atopen ao corrente das súas obrigas fiscais e coa Seguridade Social, así coma co Concello de San Sadurniño, extremo que se comprobará de oficio polo propio Concello.
- e) Non estar incurso o beneficiario en causa de inhabilitación ou prohibición para percibir axudas públicas.
- f) Estar ao corrente no cumprimento das obrigas por reintegro de subvencións

3.3.) Contía máxima da bolsa

A contía máxima da bolsa para o 2º Ciclo de Educación Infantil será de 100,00 euros.

3.4.) Documentación requirida

- a) Impreso de solicitude, debidamente cumprimentado (Anexo I).
- b) Fotocopia do libro de familia no que figuren os membros da unidade familiar. Se non ten habido cambios dende que se facilitou noutro trámite municipal, bastará con declaralo na solicitude.
- c) Documento que acredite a matrícula efectiva do menor no centro escolar (a modo de exemplo: fotocopia compulsada do resguardo de matrícula, certificado do centro escolar no que estea matriculado...). Este extremo será comprobado de oficio para o centro radicado no termo municipal de San Sadurniño previa autorización no modelo de solicitude.
- d) Fotocopia da declaración da renda do exercicio 2022 de todos os membros computables da unidade familiar.
- e) Certificación da conta bancaria da persoa solicitante onde se recibirá a bolsa (para o suposto de ter obtido axuda en anteriores convocatorias e non haber cambios, bastará a declaración en tal sentido)

ARTIGO 4. Bolsas escolares para estudos OBRIGATORIOS

4.1.) Persoas beneficiarias

O alumnado que curse estudos obrigatorios (educación primaria e ESO) en centros públicos da área territorial de San Sadurniño e que sexa beneficiario da convocatoria de axudas para adquirir material escolar, ao abeiro do recollido nos artigos 1.1.c. e 2.3. da Orde do 10 de maio de 2023 da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (DOG nº 94, do 19/05/2023).

4.2.) Requisitos específicos das persoas beneficiarias

- a) Ter o neno ou a nena matriculada no CPI do Concello de San Sadurniño ou noutro colexio público da área territorial de San Sadurniño.



Concello de San Sadurniño

- b) Ser beneficiaria da convocatoria de axudas para adquirir material escolar, ao abeiro de recollido nos artigos 1.1.c. e 2.3. da Orde do 10 de maio de 2023 da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.
- c) Estar empadroada no Concello de San Sadurniño, con data de alta no padrón municipal anterior á aprobación desta convocatoria. Este extremo será comprobado de oficio polo Concello de San Sadurniño.
- d) Que os membros da unidade familiar se atopen ao corrente das súas obrigas fiscais e coa Seguridade Social, extremo que se comprobará de oficio polo propio concello previa autorización.
- e) Non estar incurso en causa de inhabilitación ou prohibición para percibir axudas públicas.
- f) Estar ao corrente no cumprimento das obrigas por reintegro de subvencións.

4.3.) Contía da bolsa

A contía da bolsa para os estudos obrigatorios virá determinada polo reparto da cantidade total estipulada para esta tipoloxía entre o número total de solicitudes correctamente presentadas.

En todo caso, a contía máxima da bolsa será de 200,00 euros.

4.4.) Documentación requirida

- a) Impreso de solicitude, debidamente cumprimentado (Anexo II).
- b) Acreditación documental de estar matriculado e ser beneficiario das axudas para adquirir material escolar, ao abeiro da Orde do 10 de maio de 2023 da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades. (por exemplo, certificado da dirección do centro público no que estea matriculado o alumnado no que se acredite ser beneficiario). Este extremo será comprobado de oficio para o centro radicado no termo municipal de San Sadurniño previa autorización no modelo de solicitude
- c) Certificación da conta bancaria da persoa solicitante e/ou beneficiaria da bolsa onde se recibirá o ingreso. (para o suposto de ter obtido axuda en anteriores convocatorias e non haber cambios, bastará a declaración en tal sentido)

ARTIGO 5. Bolsas para estudos POSTOBRIGATORIOS

5.1.) Persoas beneficiarias

Alumnado que curse estudos posobrigatorios regrados (bacharelatos, ciclos formativos, estudos universitarios oficiais de grao e de terceiro ciclo) en centros públicos fóra do Concello de San Sadurniño e dentro do territorio de Galiza.

5.2.) Requisitos específicos das persoas beneficiarias

- a) Estar matriculadas no curso completo dos estudos que se realizan, agás no caso dos que fagan estudos universitarios que deberán estar matriculados, como mínimo, no 50% dos créditos do curso correspondente.



Concello de San Sadurniño

- b) Que segundo o artigo 7 a renda anual da unidade familiar non supere os 25.000,00 euros.
- c) Estar empadroada no Concello de San Sadurniño, con data de alta no padrón municipal anterior á aprobación desta convocatoria. Este extremo será comprobado de oficio polo Concello de San Sadurniño.
- d) Que os membros da unidade familiar se atopen ao corrente das súas obrigas fiscais e coa Seguridade Social, extremo que se comprobará de oficio polo propio concello.
- e) Non estar incurso en causa de inhabilitación ou prohibición para percibir axudas públicas.
- f) Estar ao corrente no cumprimento das obrigas por reintegro de subvencións.

5.3.) Nota media do curso anterior

A efectos de aplicar os criterios de valoración recollidos no artigo 9.3. a nota media do último curso realizado anterior aos estudos matriculados para os que se cursou esta solicitude, obterase calculando a media aritmética das cualificacións numéricas que consten no expediente. Para o cálculo desta media non se computarán as materias de Atención Educativa e Relixión. Se as notas veñen expresadas como cualificacións literais, considerarase a seguinte táboa de equivalencias para obter a media aritmética:

Cualificación	Equivalencia
Non presentado/renuncia/non matriculado no curso anterior	2
Suspenso/insuficiente	2,5
Aprobado	5
Ben	6
Notable	7,5
Sobresaínte	9
Matrícula de honra	10

5.4.) Contía máxima da bolsa

A contía máxima da bolsa para os estudos postobrigatorios será de 800,00 euros.

5.5.) Documentación requirida

- a) Impreso de solicitude, debidamente cumprimentado (Anexo III).
- b) Fotocopia do libro de familia no que figuren os membros da unidade familiar. Se non ten habido cambios dende que se facilitou noutro trámite municipal, bastará con facelo constar na declaración da solicitude.



Concello de San Sadurniño

- c) Acreditación documental da matrícula da persoa solicitante (por exemplo, fotocopia do resguardo de matrícula da persoa solicitante da bolsa ou certificado do centro no que estea matriculada).
- d) Fotocopia da declaración da renda do exercicio 2022 de todos os membros computables da unidade familiar.
- e) Certificado do expediente académico do curso anterior.
- f) Certificación da conta bancaria da persoa solicitante e/ou beneficiaria da bolsa onde se recibirá o ingreso. (para o suposto de ter obtido axuda en anteriores convocatorias e non haber cambios, bastará a declaración en tal sentido)

ARTIGO 6. SOLICITUDES E PRAZO DE PRESENTACIÓN

As solicitudes, asinadas polas persoas solicitantes ou polos representantes legais en caso de ser menor de idade, deberán formularse no modelo que figura como ANEXO a estas bases (I, II ou III segundo a modalidade solicitada), e deberá ir acompañada do resto da documentación requirida segundo o tipo de bolsa solicitada.

As solicitudes dirixiranse á Alcaldía e presentaranse presencialmente no Rexistro Xeral do Concello ou por calquera das formas establecidas no artigo 16 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións públicas, a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña e ata o 30 de setembro.

ARTIGO 7. Unidade familiar

A efectos destas bases reguladoras, considerarase que compoñen a unidade familiar:

- Pais e nais, non separados legalmente e, no seu caso, os titores/as ou persoas encargadas da garda e protección do/a menor.
- Os fillos e fillas menores de 26 anos que figuren empadroados no mesmo domicilio que o solicitante.
- Os fillos e fillas maiores de 25 anos con discapacidade física, psíquica ou sensorial igual ou superior ao 33% ou incapacitados xudicialmente.
- Cando non exista vínculo matrimonial a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e todos os descendentes de cada un deles que convivan con eles e que reúnan as características anteriormente citadas.
- No caso de separación ou divorcio, non se considerará membro da unidade familiar aquel que non conviva coa persoa solicitante da bolsa. En cambio, terá a consideración de membro computable o novo cónxuxe ou persoa unida ao pai/nai e que si conviva coa persoa solicitante da bolsa. A separación ou divorcio acreditarase mediante sentenza xudicial que determine a mesma ou convenio regulador onde conste a custodia do/a menor.



Concello de San Sadurniño

- No caso de falecemento dalgún dos proxenitores do alumno/a que convivisen con el, a dita circunstancia acreditarase mediante achega do certificado de defunción.

ARTIGO 8. RENDA ANUAL DA UNIDADE FAMILIAR

A renda anual da unidade familiar será a suma do establecido na base liquidable xeral sometida a gravame (recadro 505 do IRPF de 2022) e na base liquidable do aforro (recadro 510 do IRPF de 2022) que consten na/s correspondente/s declaración/s do IRPF do último exercicio presentado.

Nos casos en que non exista obriga de presentar declaración do IRPF, tomaranse os ingresos reflectidos no certificado de renda emitido pola AEAT.

En caso de situacións de violencia de xénero non se terán en conta os ingresos do agresor para determinar a renda da unidade familiar.

Para ambos os dous casos, o Concello poderá requirir a documentación necesaria ás persoas solicitantes e/ou poderá comprobar a citada información coa AEAT previa autorización dos interesados.

ARTIGO 9. Criterios de Valoración

Co fin de proceder á distribución do orzamento entre as solicitudes presentadas, os servizos técnicos do Concello valoraranas tendo en conta os seguintes criterios:

9.1.) Para o 2º Ciclo de Educación Infantil, por número de membros da unidade familiar, segundo o artigo 8:

- 1 punto por cada membro da unidade familiar ata un máximo de 5.

9.2.) Para os estudos postobrigatorios valoraranse en función de dous criterios:

- a) Por expediente académico, segundo o apartado 3 do artigo 5:

Media da nota académica	Puntos
De 0 a 4,99	0
De 5 a 5,99	1
De 6 a 6,99	2
De 7 a 7,99	3
De 8 a 8,99	4
De 9 a 10	5



Concello de San Sadurniño

b) Por nivel de renda, considerada segundo o establecido no artigo 8:

Tramos de Renda	Puntuación
- De 0 a 9.999,99€	- 16 puntos
- De 10.000,00€ a 10.999,99€	- 15 puntos
- De 11.000,00€ a 11.999,99€	- 14 puntos
- De 12.000,00€ a 12.999,99€	- 13 puntos
- De 13.000,00€ a 13.999,99€	- 12 puntos
- De 14.000,00€ a 14.999,99€	- 11 puntos
- De 15.000,00 a 15.999,99€	- 10 puntos
- De 16.000,00€ a 16.999,99€	- 9 puntos
- De 17.000,00 a 17.999,99€	- 8 puntos
- De 18.000,00€ a 18.999,99€	- 7 puntos
- De 19.000,00€ a 19.999,00€	- 6 puntos
- De 20.000,00€ a 20.999,00€	- 5 puntos
- De 21.000,00€ a 21.999,99€	- 4 puntos
- De 22.000,00€ a 22.999,99€	- 3 puntos



Concello de San Sadurniño

Tramos de Renda	Puntuación
- De 23.000,00€ a 23.999,99€	- 2 puntos
- De 24.000,00€ a 24.999,99€	- 1 punto
- De 25.000,00 en diante	- 0 puntos

ARTIGO 10. CÁLCULO DAS CONTÍAS

9.1.) Para o cálculo das bolsas establecidas no artigo 3 das presentes bases aplicarase a seguinte fórmula:

$$Vp=1.000/Np$$

9.2.) Para o cálculo das axudas establecidas no artigo 4 destas bases aplicarase a seguinte fórmula:

$$B=11.000/Ns$$

9.3.) Para o cálculo das axudas establecidas no artigo 5 destas bases aplicarase a seguinte fórmula:

$$Vp=12.6000/Np$$

Vp: Valor en euros de cada punto

B: Bolsa

Np: Suma dos puntos obtidos por todas as solicitudes

Ns: Número de solicitudes

Nos casos dos puntos 10.1 e 10.3 a contía da axuda concedida será o resultado da multiplicación do valor de **Vp** polo número de puntos obtidos en cada solicitude.

ARTIGO 11. Concesión da bolsa

No suposto de que a documentación non cumpra cos requisitos esixidos ou que a documentación achegada teña erros ou sexa insuficiente, requirirase á persoa solicitante que no prazo de 10 días naturais emende a falta e aporte os documentos preceptivos, con indicación de que de así non o fixer, de conformidade co establecido no art. 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento



Concello de San Sadurniño

administrativo común das administración públicas, considerárase desistido da súa petición, previa resolución, que será ditada nos termos previstos no seu art. 21.

Unha vez rematados os respectivos prazos de presentación, os servizos técnicos do Concello procederán á valoración dos expedientes. Asemade, realizarán cantas actuacións estimen necesarias para determinar os datos económicos da unidade familiar e comprobar que a información recibida por parte da persoa solicitante é certa, para formular as propostas de resolución. Poderase requirir polo Concello a presentación da documentación oficial acreditativa relativa a aqueles aspectos que se estimen oportunos, para xustificar ingresos non declarables ou calquera outra circunstancia a ter en conta.

De seguido, os expedientes, cos informes pertinentes e logo da súa fiscalización por parte da intervención municipal, serán remitidos para que a Xunta de Goberno Local aprobe a resolución das bolsas de apoio ao estudo para o curso 2023/2024. A resolución será comunicada ás persoas interesadas, ofrecéndolles os recursos que legalmente procedan.

ARTIGO 12. Pagamento da bolsa

O pagamento das axudas realizarase, pola cantidade correspondente, á persoa solicitante, mediante transferencia bancaria ao seu nome na conta que acheguen coa solicitude.

ARTIGO 13. Xustificación

As axudas concedidas ao abeiro das presentes bases, pola súa natureza e especificidade, enténdense xustificadas coa presentación da documentación de solicitude. Non obstante, poderán realizarse, no ámbito das facultades de control, fiscalización e auditoria, requerimentos de documentación xustificativa aos beneficiarios; por este motivo, as persoas beneficiarias quedan obrigadas a conservar os documentos probatorios (facturas ou documentos substitutivos con expresión de emisor, CIF, beneficiario, concepto e importe) dos gastos financiados coa presente convocatoria de bolsas e axudas durante 4 anos.

O Concello facilitará e comunicará á AEAT, no seu caso, o contido deste expediente.

ARTIGO 14. INTERPRETACIÓN DAS BASES E NORMATIVA SUBSIDIARIA

A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para interpretar o contido das presentes bases.

En todo caso, para o non previsto nestas bases, aplicaranse as normas xerais contidas nas bases de execución do orzamento xeral do Concello de San Sadurniño do 2023, o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da antedita lei, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e demais normativa aplicable, nomeadamente a Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de San Sadurniño.



Concello de San Sadurniño

ANEXO I: SOLICITUDE DE BOLSAS PARA O ESTUDO (2º CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL)

A) DATOS DA PERSOA SOLICITANTE (sempre maior de idade, pai, nai ou titor/a)

Apelidos e nome	
DNI	
Enderezo completo	
Teléfono	
Correo electrónico	

B) DATOS DO/A ALUMNO/A

Apelidos e nome	
DNI	
Estudos que cursa no 2023/2024	
Centro no que está matriculado/a	

C) PERSOAS QUE COMPOÑEN A UNIDADE FAMILIAR (segundo o art. 7 da convocatoria)

Apelidos e nome	DNI	Parentesco coa persoa solicitante	Idade

D) DOCUMENTACIÓN QUE SE ACOMPAÑA

<input type="checkbox"/>	<p>Documento acreditativo da matrícula do neno ou nena.</p> <p>Para o caso de estar matriculado no CEIP de San Sadurniño, AUTORIZÁSE ao Concello de San Sadurniño á obtención de dita información de oficio..... <input type="checkbox"/></p>
<input type="checkbox"/>	<p>Fotocopia do libro de familia que conteña a tódolos membros da unidade familiar</p> <p>DECLARA que non existen cambios respecto da última entrega deste documento con ocasión do trámite municipal _____ <input type="checkbox"/></p>
<input type="checkbox"/>	<p>Fotocopia da declaración da renda do exercicio 2022 de tódolos membros computables da unidade familiar</p>
<input type="checkbox"/>	<p>Certificado de conta bancaria</p> <p>Para o caso de ter obtido bolsa en convocatorias anteriores, DECLARA que o número de conta é o mesmo que o facilitado anteriormente..... <input type="checkbox"/></p>



Concello de San Sadurniño

San Sadurniño, _____ de _____ de 202__

Asinado: O/A solicitante

AUTORIZACIÓN PARA QUE O CONCELLO DE SAN SADURNIÑO POIDA SOLICITAR DATOS Á AXENCIA TRIBUTARIA RELATIVOS AO NIVEL DA RENDA (IRPF) E AO CUMPRIMENTO DE OBRIGAS TRIBUTARIAS E DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA OS EFECTOS DE SOLICITAR AS BOLSAS PARA O ESTUDO

A/s persoa/s abaixo asinante/s AUTORIZA/N ao Concello de San Sadurniño a solicitar da Axencia Estatal de Administración Tributaria información de natureza tributaria para o recoñecemento, seguimento e control da concesión da convocatoria de BOLSAS PARA O ESTUDO.

A presente autorización outórgase exclusivamente para o/s procedemento/s sinalado/s, e en aplicación do establecido pola disposición adicional cuarta da Lei 40/1998, que mantén a súa vixencia tras a entrada en vigor do Lei 35/2006, pola que se aproba a Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas, e no artigo 95.1 k) da Lei 58/2003, xeral tributaria, que permiten, logo da autorización da persoa interesada, a cesión dos datos tributarios que precisen as administracións públicas para o desenvolvemento das súas funcións.

INFORMACIÓN TRIBUTARIA AUTORIZADA: datos que posúa a Axencia Tributaria do imposto sobre a renda das persoas físicas do exercicio 2022 e do cumprimento das súas obrigas tributarias.

Asimesmo, DECLARA/N que:

1. Non se atopa inhabilitado/a, nin está incurso/a en prohibicións para percibir axudas públicas.
2. Está ao corrente no cumprimento das obrigas por reintegro de subvencións.
3. Está ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Comunidade Autónoma e co Concello de San Sadurniño e das súas obrigas coa Seguridade Social.

MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR DA PERSOA SOLICITANTE CUXOS INGRESOS SON COMPUTABLES PARA O RECOÑECIMENTO, SEGUIMENTO OU CONTROL DA BOLSA/AXUDA (só maiores de 18 anos)

Parentesco co beneficiario	Apelidos e nome	DNI	Sinatura

ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE SAN SADURNIÑO

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é o CONCELLO DE SAN SADURNIÑO, con enderezo no Casal, 16, 15560 San Sadurniño; correo@sansadurnino.gal. FINALIDADE DO TRATAMENTO: Os datos serán utilizados



Concello de San Sadurniño

para prestarlle o servizo solicitado na presente instancia. O feito de que non nos facilite parte da información solicitada poderá supoñer a imposibilidade de prestarlle o servizo solicitado. PRAZO DE CONSERVACIÓN: os datos facilitados conservaranse durante o tempo necesario para poder atender a súa solicitude, así como para dar cumprimento legal ás xestións administrativas derivadas da prestación do servizo. LEXITIMACIÓN: Este tratamento de datos persoais está lexitimado polo consentimento que nos outorga ao realizar a solicitude de prestación do servizo. DESTINATARIOS DE CESIÓN: O CONCELLO DE SAN SADURNIÑO non cederá os seus datos de carácter persoal. DEREITOS: Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos. O CONCELLO DE SAN SADURNIÑO dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade .A presentación desta solicitude implicará a autorización ao Concello para obter da AEAT os datos necesarios para determinar o nivel de renda, así como aquelas outras informacións acreditativas das situacións persoais alegadas e que estean en poder dalgunha Administración Pública.



Concello de San Sadurniño

ANEXO II: SOLICITUDE DE BOLSAS PARA O ESTUDO (ESTUDOS OBRIGATORIOS: PRIMARIA E ESO)

A) DATOS DA PERSOA SOLICITANTE (sempre maior de idade, pai, nai ou titor/a)

Apelidos e nome	
DNI	
Enderezo completo	
Teléfono	
Correo electrónico	

B) DATOS DO/A ALUMNO/A

Apelidos e nome	
DNI	
Estudos que cursa no 2023/2024	
Centro no que está matriculado/a	

C) PERSOAS QUE COMPOÑEN A UNIDADE FAMILIAR (segundo o art. 7 da convocatoria)

Apelidos e nome	DNI	Parentesco coa persoa solicitante	Idade

D) DOCUMENTACIÓN QUE SE ACOMPAÑA

<input type="checkbox"/>	<p>Documento acreditativo da matrícula do neno ou nena e de ser beneficiario das axudas para adquirir material escolar, ao abeiro da Orde do 10 de maio de 2023 da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.</p> <p>Para o caso de estar matriculado no CEIP de San Sadurniño, AUTORIZÁSE ao Concello de San Sadurniño á obtención de dita información de oficio..... <input type="checkbox"/></p>
<input type="checkbox"/>	<p>Certificado de conta bancaria</p> <p>Para o caso de ter obtido bolsa en convocatorias anteriores, DECLARA que o número de conta é o mesmo que o facilitado anteriormente..... <input type="checkbox"/></p>

San Sadurniño, _____ de _____ de 202__

Asinado: O/A solicitante



Concello de San Sadurniño

AUTORIZACIÓN PARA QUE O CONCELLO DE SAN SADURNIÑO POIDA SOLICITAR DATOS Á AXENCIA TRIBUTARIA RELATIVOS AO NIVEL DA RENDA (IRPF) E AO CUMPRIMENTO DE OBRIGAS TRIBUTARIAS E DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA OS EFECTOS DE SOLICITAR AS BOLSAS PARA O ESTUDO

A/s persoa/s abaixo asinante/s AUTORIZA/N ao Concello de San Sadurniño a solicitar da Axencia Estatal de Administración Tributaria información de natureza tributaria para o recoñecemento, seguimento e control da concesión da convocatoria de BOLSAS PARA O ESTUDO.

A presente autorización outórgase exclusivamente para o/s procedemento/s sinalado/s, e en aplicación do establecido pola disposición adicional cuarta da Lei 40/1998, que mantén a súa vixencia tras a entrada en vigor do Lei 35/2006, pola que se aproba a Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas, e no artigo 95.1 k) da Lei 58/2003, xeral tributaria, que permiten, logo da autorización da persoa interesada, a cesión dos datos tributarios que precisen as administracións públicas para o desenvolvemento das súas funcións.

INFORMACIÓN TRIBUTARIA AUTORIZADA: datos que posúa a Axencia Tributaria do imposto sobre a renda das persoas físicas do exercicio 2022 e do cumprimento das súas obrigas tributarias.

Asimismo, DECLARA/N que:

4. Non se atopa inhabilitado/a, nin está incurso/a en prohibicións para percibir axudas públicas.
5. Está ao corrente no cumprimento das obrigas por reintegro de subvencións.
6. Está ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Comunidade Autónoma e co Concello de San Sadurniño e das súas obrigas coa Seguridade Social.

MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR DA PERSOA SOLICITANTE CUXOS INGRESOS SON COMPUTABLES PARA O RECOÑECIMENTO, SEGUIMENTO OU CONTROL DA BOLSA/AXUDA (só maiores de 18 anos)

Parentesco co beneficiario	Apelidos e nome	DNI	Sinatura

ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE SAN SADURNIÑO

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é o CONCELLO DE SAN SADURNIÑO, con enderezo no Casal, 16, 15560 San Sadurniño; correo@sansadurnino.gal. FINALIDADE DO TRATAMENTO: Os datos serán utilizados para prestarlle o servizo solicitado na presente instancia. O feito de que non nos facilite parte da información solicitada poderá supoñer a imposibilidade de prestarlle o servizo solicitado. PRAZO DE CONSERVACIÓN: os datos facilitados conservaranse durante o tempo necesario para poder atender a súa solicitude, así como para dar cumprimento legal ás xestións administrativas derivadas da prestación do servizo. LEXITIMACIÓN: Este



Concello de San Sadurniño

tratamento de datos persoais está lexitimado polo consentimento que nos outorga ao realizar a solicitude de prestación do servizo. DESTINATARIOS DE CESIÓNS: O CONCELLO DE SAN SADURNIÑO non cederá os seus datos de carácter persoal. DEREITOS: Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos. O CONCELLO DE SAN SADURNIÑO dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade .A presentación desta solicitude implicará a autorización ao Concello para obter da AEAT os datos necesarios para determinar o nivel de renda, así como aquelas outras informacións acreditativas das situacións persoais alegadas e que estean en poder dalgunha Administración Pública.



Concello de San Sadurniño

ANEXO III: SOLICITUDE DE BOLSAS PARA O ESTUDO (ESTUDOS POSTOBRIGATORIOS)

A) DATOS DA PERSOA SOLICITANTE (sempre maior de idade, pai, nai ou titor/a)

Apelidos e nome	
DNI	
Enderezo completo	
Teléfono	
Correo electrónico	

B) DATOS DO/A ALUMNO/A

Apelidos e nome	
DNI	
Estudos que cursa no 2023/2024	
Centro no que está matriculado/a	

C) PERSOAS QUE COMPOÑEN A UNIDADE FAMILIAR (segundo o art. 7 da convocatoria)

Apelidos e nome	DNI	Parentesco coa persoa solicitante	Idade

D) DOCUMENTACIÓN QUE SE ACOMPAÑA

<input type="checkbox"/>	Documento acreditativo da matrícula en estudos postobrigatorios, que comprenda o curso completo ou, alo menos, o 50% dos créditos correspondentes.
<input type="checkbox"/>	Certificado de conta bancaria Para o caso de ter obtido bolsa en convocatorias anteriores, DECLARA que o número de conta é o mesmo que o facilitado anteriormente..... <input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>	Fotocopia do libro de familia no que figuren os membros da unidade familiar DECLARA que non existen cambios respecto da última entrega deste documento con ocasión do trámite municipal _____ <input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>	Fotocopia da declaración da renda do exercicio 2022 de tódolos membros computables da unidade familiar
<input type="checkbox"/>	Certificado de calificacións do curso anterior



Concello de San Sadurniño

San Sadurniño, ____ de _____ de 202__

Asinado: O/A solicitante

AUTORIZACIÓN PARA QUE O CONCELLO DE SAN SADURNIÑO POIDA SOLICITAR DATOS Á AXENCIA TRIBUTARIA RELATIVOS AO NIVEL DA RENDA (IRPF) E AO CUMPRIMENTO DE OBRIGAS TRIBUTARIAS E DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA OS EFECTOS DE SOLICITAR AS BOLSAS PARA O ESTUDO

A/s persoa/s abaixo asinante/s AUTORIZA/N ao Concello de San Sadurniño a solicitar da Axencia Estatal de Administración Tributaria información de natureza tributaria para o recoñecemento, seguimento e control da concesión da convocatoria de BOLSAS PARA O ESTUDO.

A presente autorización outórgase exclusivamente para o/s procedemento/s sinalado/s, e en aplicación do establecido pola disposición adicional cuarta da Lei 40/1998, que mantén a súa vixencia tras a entrada en vigor do Lei 35/2006, pola que se aproba a Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas, e no artigo 95.1 k) da Lei 58/2003, xeral tributaria, que permiten, logo da autorización da persoa interesada, a cesión dos datos tributarios que precisen as administracións públicas para o desenvolvemento das súas funcións.

INFORMACIÓN TRIBUTARIA AUTORIZADA: datos que posúa a Axencia Tributaria do imposto sobre a renda das persoas físicas do exercicio 2022 e do cumprimento das súas obrigas tributarias.

Asimesmo, DECLARA/N que:

7. Non se atopa inhabilitado/a, nin está incurso/a en prohibicións para percibir axudas públicas.
8. Está ao corrente no cumprimento das obrigas por reintegro de subvencións.
9. Está ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Comunidade Autónoma e co Concello de San Sadurniño e das súas obrigas coa Seguridade Social.

MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR DA PERSOA SOLICITANTE CUXOS INGRESOS SON COMPUTABLES PARA O RECOÑECIMENTO, SEGUIMENTO OU CONTROL DA BOLSA/AXUDA (só maiores de 18 anos)

Parentesco co beneficiario	Apelidos e nome	DNI	Sinatura

ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE SAN SADURNIÑO

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é o CONCELLO DE SAN SADURNIÑO, con enderezo no Casal, 16, 15560 San Sadurniño; correo@sansadurnino.gal. FINALIDADE DO TRATAMENTO: Os datos serán utilizados



Concello de San Sadurniño

para prestarlle o servizo solicitado na presente instancia. O feito de que non nos facilite parte da información solicitada poderá supoñer a imposibilidade de prestarlle o servizo solicitado. PRAZO DE CONSERVACIÓN: os datos facilitados conservaranse durante o tempo necesario para poder atender a súa solicitude, así como para dar cumprimento legal ás xestións administrativas derivadas da prestación do servizo. LEXITIMACIÓN: Este tratamento de datos persoais está lexitimado polo consentimento que nos outorga ao realizar a solicitude de prestación do servizo. DESTINATARIOS DE CESIÓN: O CONCELLO DE SAN SADURNIÑO non cederá os seus datos de carácter persoal. DEREITOS: Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos. O CONCELLO DE SAN SADURNIÑO dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade .A presentación desta solicitude implicará a autorización ao Concello para obter da AEAT os datos necesarios para determinar o nivel de renda, así como aquelas outras informacións acreditativas das situacións persoais alegadas e que estean en poder dalgunha Administración Pública.

